

**"DE FEITO, SERÍA GALICIA,
GALICIA SE NON TIVESE
UNHA LINGUA PROPIA?"**

O CARTAFOL DO VENTO

O VENTO perdeu as follas
do seu cartafol
-esas que os chuvascos
mecanógrafos
tecolean no manual dos mastros?
As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
polo aramio transparente
de tódalas ortodrómicas do ceo
O pailebote sin velas
-Serán esas que o vento
levou no seu cartafol?
Tamén fai equilibrios no ronsel
Ca boca aberta
-caille a baba-
está mirándonos o babión do Sol.



A FALA

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco más feble,
o pesar más profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia más nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a más forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

Manuel María (2001). Obra poética completa I
(1950-1979) (A Coruña: Espiral Maior)



GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



CARTAFOL

REVISTA DO GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA IES SÁNCHEZ CANTÓN • ANO XXIII • NÚMERO 21

CANCIÓN PRA CANTAR TODOS OS DÍAS

Hai que defender o idioma como sexa:
con rabia, con furor, a metralazos.
Hai que defender a fala en loita rexa
con tanques, avións e a puñetazos.

Hai que ser duros, pelexóns, intransixentes
cos que teñen vocación de señoritos,
cos porcos desertores repelentes,
cos cabras, cos castróns e cos cabritos.


Temos que pelexar cos renegados,
cos que intentan borrar a nosa fala.
Temos que loitar cos desleigados
que desexan mata la e enterrala.

Seríamos, sen fala, uns ninguén,
unhas cantas galiñas desplumadas.
Os nosos inimigos saben ben
que as palabras vencen ás espadas.


O idioma somos nós, povo común,
vencello que nos xungue e ten en pé,
herencia secular de cada un,
fogar no que arde acesa a nosa fe.

Manuel María, de "Cancións do lusco ao fusco"

Debuxo: Gabriela Aboy - 4.º ESO A



SE BUSCAS A GALICIA, EN TI TES QUE ATOPALA



GALICIA SOMOS NÓS: A XENTE E MAIS A FALA

Revista feita polos membros e colaboradores do Grupo de Normalización Lingüística



Non sempre unha imaxe vale por mil palabras. Nin por cen. Aquí é onde nos números anteriores publicamos a foto dos membros do GNL.

Este ano non temos aquí nin tempo nin espazo para dar unha imaxe de tanta colaboración.

Máis de cen.

do Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra.

Moitas grazas a todos

O GNL non se responsabiliza do contido das colaboracións. Non existe censura. Para ti, lector, tampouco. Non censure, respostal!

gnldosanchez@gmail.com

DIRIXE

XOSÉ L. JANEIRO ESPÍNEIRA



índice



ENTREVISTA A DAVID AMOR

Realizada por
Paula Rodríguez Raposo
e Lorena Durán Baeza
(2.º Bach. C)

Tes algún plan de futuro profesional?

-Morrer (risos), seguir traballando. Agora vou gravar unha serie para a televisión de Galicia, sigo cos meus monólogos, e seguirei en Madrid buscando proxectos novos.

Como compatibilizas a túa vida profesional co traballo?

-É complicado porque non son moi organizado, pero chega un momento que te afas a convivir co aeroporto. Fago moitos esforzos para poder vir a Galicia, pero compénsame.

Que traballo terías se non foses actor?

-Mestre de Educación Física porque é unha cousa que me gusta moito e é para o que me preparei.

Television ou teatro?

-É como preguntar se prefires ao teu pai ou á tua nai. Non hai que escoller, sempre fixen un poco de todo,

trato de facer todo o que me gusta. Non son comparables. Quédome cos dous.

Cal foi a túa reacción ao verte por primeira vez na pantalla?

-Xa estaba acostumado polos videos que temos todos dende pequenos, mais si que é verdade que ao verte cunha entidade de personaxe te quedas como... Vaia!".

Pensas seguir sendo actor o resto da túa vida?

-Agora é o meu traballo, a miña vida. Ser actor non é só cando traballas, é todos os días.

En que aspectos afecta máis ser famoso na túa vida persoal?

-O simple feito de ser coñecido é unha perda de privacidade, mais non sempre nun aspecto negativo xa que, se vou a algún sitio e ninguén me coñece, preocúpome; porén é algo implícito na profesión.



Dúas verbas preliminares

Dende o GNL e como responsábeis da coordinación deste novo Cartafol, queremos agradecer o traballo de todos cantes o fixeron posíbel. Poderiamos comezar polos alumnos, estamos a falar de máis dun cento de alumnos, que luns a luns foron realizando pequenas-grandes cousas pola normalización do centro e da lingua nas súas vidas, e moitos outros que colaboraron nesta empresa remitídonos as súas colaboracións. Por suposto que facemos extensíbeis as grazas a todo o profesorado. Cartafol quixera ser un resumo das moitas cousas que se fan voluntaria e entusiastamente, dentro e fóra do horario escolar, dende os diferentes departamentos. Grazas tamén á ANPA e ao equipo directivo polo seu constante e moi importante apoio. Asemade quixera engadir unha mención de especial gratitud para o profesor D. Xosé Luís Janeiro que coordinou e tirou desta revista durante vinte anos consecutivos. Agardamos non ter desgustado a ninguén e, se así for, pedimos xa as nosas desculpas. Perdoade tamén os errores, que algún ha de haber por aí. (*En nome do GNL, Xosé Manuel Calvo.*)

Ao longo do curso recibimos a visita de moitos escritores, tal como consta na nosa páxina web. Velaí unha mostra, a xeito de memoria, dalgúns deles.

O día 15 de abril visitounos

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL



“Tiven a sorte e o privilexio de participar esta fin de semana no festival Pontepoética de Pontevedra (...). A min tocoume o Sánchez Catón. Cando cheguei dixéronme: Vai ser aí. Vin que era un salón de actos e que sobre a porta poñía Paraninfo. Asusteime un pouco. Estaba advertido de que serían moitos os alumnos, pero coido que ao final acudiron máis dos que eu pensaba. Decidira cantar. Fixen un percorrido emocional e vital pola miña descuberta e relación coa poesía, a través da música e das cancións. Paseino ben e penso que eles tamén. Logo foi intenso o coloquio. Sorprendéronme moito. Un dos alumnos preguntoume canto había de real e canto de ficción na **Noite branca**”. (Extraído da páxina persoal de Xisco Fernández Naval A noite branca).

Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) é autor dunha ampla obra en galego que inclúe poesía, novela, libros de relatos, ensaio, literatura infantil, xuvenil e de viaxes, guíóns cinematográficos e teatro. Algunhas das súas obras tradúcronsese a outras lingüas, entre elas o árabe, o francés e o ruso. Asiduo colaborador en medios galegos escritos, encetou a súa obra poética grazas ao Premio Cidade de Ourense 1980 por *A fonte abagañada*, galardón que volvería acadar en 2006 polo poemario *Miño*. Outros títulos de poesía son *Pabellón habitado* (1987), *Días de Cera* (1999), *Mar de Lira* (2005), *Bater de sombras* (2010) –Premio Fiz Vergara Vilariño- ou *Suite Dublín* e outros poemas.





MANUEL RIVAS

O 3/3/16, xoves, tivo lugar a Charla - encontro literario do escritor Manuel Rivas co alumnado de 3º e 4º ESO no paraninfo do noso instituto. Durante o encontro o autor presentou tamén o seu novo libro "**Madonna e outros contos de inverno**". Recitou un poema de homenaxe á xente do mar e puidemos gozar coa súa forma de

contar, transmitiuños ese seu amor polas palabras e esa paixón e compromiso coa memoria. Respondeu as inquedanzas e preguntas dos asistentes, que escouitaron con interese as súas disertacións. Organizou a actividade o Dto. Lingua Galega en colaboración con Edición Xerais de Galicia.



EQUIPOS INFORMÁTICOS

Gostaríamos neste apartado dar conta de todo o proceso de informatización experimentado polo noso Centro ao longo dos últimos anos, aínda que de forma moi esquemática tendo en conta o espazo do que dispomos.

O proceso remóntase a xa hai moitos anos cando os profesores D. Jesús Juanatey e Dna. Marián Costa empezaban deseñando a páxina Web. Polo medio moitos cursos, moitas horas de traballo de moitos claustrais e moi especialmente de profesores coma D. Carlos del Río, Dna. Rosario Sánchez-Gabriel, Dna. Esperanza Gesteira, D. Anxo González (moitos deles xa xubilados) ou, arredor, os profesores de informática e o responsable de ABALAR D. Xosé Lois Penas, todos eles destacables por pioneiros e entusiastas nun labor no que foron arrastrándonos a todos e no que contamos coa colaboración dos sucesivos equipos directivos. A sociedade en xeral e, moi especialmente, o alumnado esíxennos este proceso de actualización, no que tamén a Administración acabou por apostar.

Coas incorporacións recibidas durante o presente curso, contamos a día de hoxe con oito aulas ABALAR e vinte e tres aulas dixitais.

Un total de 241 ordenadores asignados ao alumnado de primeiro e segundo da ESO, distribuídos nas oito aulas referidas cos correspondentes carros de carga. Ademais deste material de uso persoal para o alumnado, as oito aulas contan con conexión Wifi para o acceso a internet, un ordenador de aula, proxector de datos e encerado dixital.

Equipamento similar ao que teñen as vinte e tres aulas dixitais dotadas ultimamente: un ordenador de aula, proxector de datos e encerado dixital. Neste caso, contan con acceso a internet por cable, o que permite subir e baixar datos de xeito rápido. Pola contra, estas aulas non contan co material de uso persoal para o alumnado, que segue usando as dúas aulas de informática existentes no Centro, melloradas coa incorporación de novos equipos informáticos, ou os ordenadores da biblioteca.





RAMOS

O 29/1/16, venres, ás 12 h no paraninfo tivo lugar a Charla sobre "O Naturalismo francés e Maupassant" impartida por José Manuel Ramos, profesor experto nesta materia e

prof. no IES A Xunqueira I. Asistiu o alumnado de Literatura Universal e do Club de Lectura. Organizou Dto. Lengua y Literatura Castellana e Club de Lectura.



ANTÓN RIVEIRO XOSÉ MONTEAGUDO

No mes de xaneiro, 25/1/16, recibimos no Paraninfo, aos escritores Antón Riveiro e Xosé Monteagudo para o alumnado de 1º e 2º de bacharelato. Antón Riveiro e Xosé Monteagudo son autores de libros de lectura do alumnado dos cursos asistentes. Antón Riveiro: "Casas baratas", "As rulas de Bakunin". Xosé Monteagudo: "Un tipo listo". A charla desenvolveuse nun clima moi agradábel e ámbolos dous escritores

foron contestando moi amabelmente as moitas e interesantes preguntas que aos alumnos asistentes lles suscitou a lectura das súas obras. Resultou unha experiencia moi enriquecedora que nos permitiu escoitar e aprender moitas cousas destes autores que por algo gozan do recoñecemento dos seus lectores. Organizaron o Departamento de Lingua Galega e a ANPA O Verxel.

**É profesora do noso Centro
e, se te fixas ben,
ese sorriso delátaa**

A ver se adiviñas quen vén sendo



En plena actuación no paraninfo a sobordar



FONDO NORTE

Porque os estudos non o son todo, ás veces xorden iniciativas dos mesmos alumnos que só debemos animar. Iniciativas moi importantes na súa formación e que sempre gardarán no mellor recanto da memoria. Oxalá cheguen máis lonxe ca os seus soños e , entrementres, sirvan de exemplo para outros compañeiro e compañeiras.

Fondo Norte somos un grupo de sete rapaces (Luis Lores, Jose Sánchez, Iñigo Montojo, Marcos Seamus, Pablo Magdalena, Jose Pereira e Eduardo Aguirre), no que todos sentimos unha verdadeira paixón cara á música. Cada vez estamos más unidos e con más ganas de seguir facendo o que más nos gusta durante moitos anos. Todo comezou en setembro de 2014, nas festas pontevedresas de Feira Franca. Os nosos primeiros ensaios foron nun garaxe, e aínda que aquilo probablemente soaba a ruído, nós estábamos moi ilusionados. As nosas primeiras versións nunca as chegamos a tocar más adiante, pero Highway to Hell ou Let it Be sempre serán himnos da nosa banda. O grupo non estivo “completo” ata mediados de febreiro, e foi entón cando acordamos co vicedirector do instituto tocar no derradeiro día do curso 2014-2015. Foi o concerto debut que nunca esqueceremos. Foi unha experiencia incríbel, o máximo público ao que nos tiñamos

enfrontado foran unhas 30 persoas no conservatorio. Agora eran todos os nosos compañeiro e incluso profesores. Retirados os nervios iniciais das primeiras cancións e os fallos típico dos novatos, pasamos a vivir un deses días inesquecibles . Falando de novo co instituto, prestáronnos de novo oparaninfo (esta vez en horario extraescolar) para levar ao cabo o terceiro concerto do grupo. Dunha maneira más profesional.

Pronto cambiamos o chip de “banda de imitación a outros grupos famosos” a “banda coa súa propia personalidade”. Así, puxémonos mans á obra e iniciamos o percorrido no mundo da composición de temas propios. No presente continuamos a traballar para alcanzar as nosas metas coas mesmas ou más ganas e ilusión que cando empezamos.

A calquera rapaz ou rapaza que lle guste a música, que toque calquera instrumento, ou mesmo sen tocalo pero que queira aprender, invitámolo, sen dubidallo,

a formar un grupo. Porque, aínda que sexa por mera diversión, entretemento, nunha sala de ensaio apréndense moitas cousas que non ensinan nas escolas: compañeirismo, sacrificio non só por intereses propios, senón polo ben da banda, compartir, coñecer xente nova, novas amizades e aprender delas e, non menos importante, a compaxinar ensaios e estudos, organización. Porque os músicos non somos vagos. Estamos todos cursando bacharelato á vez que gastamos moitas horas das nosas semanas (ás veces más de tres ensaios por semana) sen esquecer os estudos. Non é ningunha perda de tempo. É unha experiencia que lle recomendamos a todo amante da música, e que nós persoalmente pensamos continuar incluso durante a universidade. Porque unha semana sen ensaio non é o mesmo e porque os concertos, aínda que non saian sempre ben, serven de experiencias para continuar medrando.



2º Premio no Certame de Narrativa Ben Veñas Maio 2016, na categoría de maiores de 16 anos

ATRAPADO

Ola! Chámome Andrés Santos Couto. Teño 46 anos e estou no cárcere. Non entendo en que puiden fallar para chegar a esta situación. Levo facendo este traballo dende os 20 anos e sempre con éxito. Hai 10 días que un novo cliente me chamou para encargarme do amante da súa muller. Creo que sobra dicir que son un sicario. Estades aféitos a vernas películas como os sicarios, observamos, seguimos e estudamos a conduta do noso obxectivo. Pois así é. Esta é a realidade. Despois de cinco días xa sabía de abondo os seus costumes. Todos os días se erguía cedo, sobre as sete da mañá. Camiñaba ata a cociña e preparábbase un cortado con leite frío e dúas culleradas de azucré. Tomába Tranquilamente mentres lía o xornal e sobre as oito e media saía a correr polo parque da Alameda. Malia ser un home deportista tiña o mal costume de acender un cigarro todos os días antes de comer. Este foi o punto fraco por onde eu ataquei. Desta forma abriría a chave do gas. Parecería un accidente e non tería que enfrentarme

cara a cara con el, xa que por 23.000€ non fa poñer a miña vida en perigo. Que por que o fago? Fíxeno pola miña familia, pola miña muller Amalia e as miñas fillas, Carmela e Rosalía. Elas merecían a boa vida que este traballo nos proporcionaba.

Só quedaban 48 horas para o momento que marcaría o resto da miña vida. Xa estaba todo listo. Tiña os planos da casa, os tempos milimétricamente cronometrados... Nada podía saír mal. Decidín pasar o día anterior xunto á miña familia. Estar coas miñas fillas faíme sentir a boa persoa que me gustaría ser e que o meu traballo non me permite. Recordo que fomos ao cine. Rosalía, a más cativa, quería ver unha película de debuxos animados; pero Carmela, que xa está en plena adolescencia, quería ver unha película de Channing Tatum. Decidimos separarnos. Amalia foi con Rosalía e eu, con Carmela, recordo o balbordo das rapazas cando o protagonista apareceu. O rematar fomos cear ao Wok, un chino que se abriu hai pouco ao carón do cine. Ás nenas encántalles porque é bufete



Paula Rodríguez Raposo
2.º Bach. C



Lorena Durán Baeza
2.º Bach. C

libre. Gardo un bo recodo daquela noite. A pesar do maldito olor a fritanga e o incómodo que foi a película de Channing Tatum con todas esas nenas coas hormonas revolucionadas. Aquela noite durmín coma un leirón sen saber o que me esperaba ao día seguinte. Erguinme. Fun á cociña. O almanaque marcaba o sete de marzo. Chegou o día. Vestinme axiña. Xa eran as 8:30 e tiña que colarme na súa casa, abrir a chave do gas e todo iso antes de que el chagase. A pesar de ser tan cedo xa se sentía unha abafante calor. Non sei se era así, ou por que presentía que ía suceder algo malo. Nunca me pareceu más sinxelo entrar nunha casa aldea. Parecía que estaba esperándome.



1.º BACH. D



Recordo atopar facilmente a chave do gas. Estaba todo impecable e moi ordenado. Era un apartamento grande e luminoso. Non agardaba menos dun executivo de prestixio. O olor a café aínda estaba presente no aire. Abrín a chave dos gas e saíñ pola porta traseira. Aínda lembro cando pecho os ollos o estoupidio da bomba, dous minutos de estremado silencio e finalmente o son das sereas dos coches patrulla. Pilláronme. Abrín os ollos. O primeiro que me preguntei foi canto tempo tería que pasar sen ver a miña familia. Sentíame perdido. Mirei ao meu redor. Estaba encerrado nun lugar insalubre con moita terra e cun horrible cheiro a podremia. Pouco a pouco fun descubrindo que isto podía chegar a ser peor.

Levo xa dous días aquí e cada vez vai a peor. Aínda non tiven contacto con ninguén. A miña única compañía son un milleiro de vermes. Non entendo como poden ter a alguén nestas condicións por moito mal que teña feito. Ademais hai un sepulcral silencio que me fai lembrar o momento da explosión. Faise insoportable. Non entendo como non se escoita ningún murmurio dos demais presos. Aúnica explicación que atopo é que deben terme aquí abaixo só ata o xuizo. Non puedo crer que siga

con vida. Non lembro comer nin beber desde que cheguei. Xa vin en moitas películas como alimentan a persoas en coma ou en estado vexetal mediante una vía ou un tubo no estómago. Supoño que mentres durmo me sedan e hidratan utilizando este método. Coido que é así porque atopei esta mañá un buraco na miña barriga. Pensarán que son un preso perigosos e non quererán enfrentarse a mi. Non teño moito que facer aquí dentro. O único que fago é cavilar e durmir. Penso na miña familia, no mal que o estarán a pasar e no decepcionados que estarán comigo. Penso en Rosalía, que o mes que vén cumple oito anos e que pasará a infancia co seu pai no cárcere. Penso en Carmela, que botará noivo e eu non estarei alí. E penso na miña muller. Como vai sacar adiante a familia ela soa? Supoño que todas estas cousas me atormentan. Levo varios días sen durmir por mor dos pesadelos. Revivo sempre o mesmo instante: aquela explosión. Aquel momento no que cambiou todo. Agrava o dos pesadelos o feito de que estou a morrer de frío. Non entendo que finalidade ten tanto sufrimento. Estaranme torturando para interrogarme nun futuro? E por que non puedo ver a miña muller? Non o entendo. Son unhas condicións

infrahumanas. Teño un aspecto horrible. Longas e sucias as unllas e mailo pelo. Comezo a cheirar a podre.. Por fin recibín a visita da miña muller. Despois de tanto tempo esperando xa puiden oíla, mais ela non quería escoitarme; así que finalmente resigneime a escoitala:

-Bótote moito de menos. Sei exactamente canto tempo pasou, porque cada día é peor có anterior. Gustaríame volver a escoitar a túa voz. Aínda penso que é un soño, que non é real. Mais dende o día que me deron a nova, souben que non te volvería ver. As nenas e más eu estamos desfeitas pola dor. Non sabemos como afrontarmos o día a día senti. Non puedo crer como puideches facernos isto.

Quero pensar que non foi culpa túa, mais todo foi argallado por ti anteriormente. O día anterior foi tan familiar, tan cheo de tenrura... Agora que o penso ata semella unha despedida.

Tiñas todo planeado por iso por unha parte estou tan cabreada; todo menos o desafortunado accidente...

As palabras da miña muller soaron coma unha revelación na miña cabeza: Todas as sensación destes días cobraban sentido. Por fin recordaba todo aquel día. Non saíñ. Nunca saíñ a tempo daquela casa.



ASÍ VALORAMOS A PARTICIPACIÓN NO CLUB DE DEBATE 2016

Irene Gómez nun momento da súa intervención.



Este curso como profesores tivemos o pracer de acompañar a estes dous equipos de alumnos de 4º de ESO. Foi unha tarefa da que nos sentimos pagados e agradecidos, tal como manifestamos aquela

mesma tarde no foro nos comentarios que agora reproducimos. Dende aquí convidamos a toda a comunidade a animarse para o vindeiro curso nesta excelente actividade de aprendizaxe.



Sofía Cortés (4º ESO C) fíxose co terceiro premio no certame musical. Velaí unha instantánea da súa actuación, na que cantou coa súa guitarra unha canción propia: "Así é" e unha versión de "Lela" de Castelao. Os nosos parabéns por esa magnífica voz.



Humberto Martínez Gargamala-

“Onete, o sábado 20 de febreiro, tivo lugar no Pazo de Cultura unha nova edición do Club de Debate organizado polo Concello de Pontevedra. Este ano o tema de debate era “Nacer muller é vivir en desigualdade”. Cada equipo participante tiña que demostrar as súas habilidades en dous debates, un a favor e outro en contra do tema proposto. O IES Sánchez Cantón levou a esta edición dous equipos. A estupenda acollida da iniciativa entre o alumnado de 4º da ESO obrigounos a crear dous equipos cos que estivemos traballando dende a segunda quincena de novembro dous profesores Xosé Manuel Calvo e un servidor. Dende aquí quero agradecer ao Equipo de Normalización que me brindase a oportunidade de colaborar nesta edición.

Imaxino que Xosé Manuel estará de acordo comigo no que vou dicir; a pesar da sobrecarga de traballo que supón preparar a estes alumnos e alumnas, esta experiencia paga a pena. Por riba do resultado final (para min é o de menos), valoro enormemente o tempo de preparación do tema, a progresiva toma de conciencia polo debate por parte do alumnado, a fase de documentación, de redacción das posturas a favor e en contra, de preparación da posta en escea, de aprendizaxe dun montón de termos, de velos nun estrado en plena oratoria,.... Para quen no pasase por esa experiencia, debo dicir que é enriquecedora para o alumnado, pero tamén para o profesorado. Particularmente xa tiña a experiencia de ter colaborado en anteriores edicións, mesmo desputar unha axustadísima final co IES Sánchez Cantón como rival do meu equipo, entón o IES de Ponte Caldelas, pero a este certame chegamos moi axustados de tempo polo que valoro áinda máis o resultado final, independentemente de que non fose o esperado. Faltounos tempo porque estes alumnos nosos teñen un montón de actividades polas tardes e resulta difícilísimo axustar axendas. Nunca tivemos a todos e todas nas reunións e mesmo na derradeira semana, onde un espera intensificar os ensaios e axustar os detalles, este alumnado tivo probas co que foi materialmente imposible facer nada con todos á vez.

Por todo isto quisera aproveitar

esta plataforma para agradecer e felicitar publicamente ao alumnado participante e informar ao seu profesorado que se notaron un pequeno baixón no seu rendemento poida ser debido ao feito de estar en dúas frontes á vez. Moitos deses alumnos e alumnas son bos estudantes, pero tamén contamos con outros que o son menos e non por iso tiveron un protagonismo secundario, ao revés, a algúm creo que a actividade lle serviu para mellorar a súa autoestima. O dito, a pesar do resultado (quintos e sétimos), o importante era participar e pasar por esa experiencia polo que este alumnado merece un aplauso. Cando teñamos a ligazón aos vídeos do debate trataremos de colgalo neste mesmo espazo (xa a podeades ver a día de hoxe), onde poderedes comprobar que non o fixeron mal. Moitas grazas.”

Xosé Manuel Calvo Muras- “Quero facer constar o orgulloso que estou do

traballo desenvolvido voluntariamente polos nosos alumnos. Foi unha aprendizaxe extraordinaria en todas as súas acpeções. Por iso me sinto obrigado a facer público o meu agradecemento: En primeiro lugar a Manuel, Biotza, Martín, Sara, Celia, Roberto, Alba, Ana González, Daniela, Esther, Omar, Sabela, Julia, Paula, Gabriela, Irene, Montse, Ana Cespón e Sofía. En segundo lugar a Humberto, sen el, sen o seu traballo e entusiasmo, esta experiencia tería sido imposíbel. Persoalmente, polo que compartín e aprendín, nunca esquecerei esta experiencia como creo que tampouco a esquecerán os nosos alumnos. O noso agradecemento tamén debe chegar ao equipo directivo, pola súa colaboración, e a todos os que vos acercastes a velos e animalos. Aproveito, finalmente, para convidarvos a todos a participar desta experiencia o ano vindeiro. Graciñas” .



Aínda houbo tempo de posar para un selfie



BÁGOAS A CARÓN DO BAOBAB

“A choiva era unha pesada cortina de auga, grossa, case impenetrable, que non deixaba ver moito máis alá do seguinte compañoero da ringleira. Como cada día durante as últimas tres semanas, espertei cedo, moito antes do albor. Desacougado polos berros daqueles que comandaban o meu grupo. Enchoupado, pois o improvisado campamento era insuficiente para conter a tremenda trebouada que ameazaba con asolagar a selva. E famento, sobre todo famento, porque ultimamente non había tempo para comidas, e o escaso alimento repartíase entre os xefes e os soldados adultos. Había que poñerse en marcha e agardar instruccións”.

Karabouh estaba a piques de cumplir catorce anos, pero el non o sabía porque xa perdera a conta do tempo transcorrido dende que, de cativo, se vira obrigado a abandonar a súa aldea e incorporarse a un exército que combatía contra outro exército sen que ninguén lle explicase os motivos daquela guerra. Porque o seu país, Kwamambú, partírase en dúas faccions que se enfrentaban dun xeito sanguento. Kwamambú, el tampoco o sabía, era rico en ouro, diamantes e uranio. A quen diaño podería interesarle aquilo do uranio? Escuros intereses internacionais financiaban bandos contrarios co único fin de facerse control da enorme riqueza do país. Karabouh asistía atónito a un conflito no que bandeiras amarelas, verdes e vermellas con estrelas se opuñan ás mesmas bandeiras amarelas, verdes e vermellas con escudos que para el nada significaban. Unicamente as cores

tiñan sentido para o rapaz. O amarelo da sabana na que se atopaba a súa aldea, dos cereais que cultivaba a súa xente, do millo que moían as mulleres ás que axudaba no pesado labor de fabricar fariña e que constituía a base da súa dieta, do ulido a terra molada na estación das choivas que anunciaba un estalido de nova vida na sabana. O verde da xungla dos veciños cumes de Ndzindzi, ao pé dos cales se abeiraba o seu poboado, e aos que rubían os nenos cargados con pesados recipientes para encherlos coa auga que tanto precisaban. E o vermello. O vermello do crepúsculo, do ceo bañado en pinceladas ao solpor, cando o sol, ao deitarse, lle regalaba un dos espectáculos más fermosos que a natureza pode ofrecer.

“Ata que un día, un grupo de homes armados chegou á aldea. Arrasaron o poboado, leváronse todos os alimentos e animais que atoparon, e mataron a moitos dos homes. Entre eles meu pai e meu irmán máis vello, Djan. Levaron os nenos con eles para os axudaren coas tarefas: auga e comida, lavar os uniformes, preparar os campamentos... Cando consideraron que xa éramos bastante maiores, entregáronnos un fusil e obligábanos a disparar contra os que dicían que eran os nosos inimigos”.

“Pero eu rebeleime. E protestei. Non quería matar a ninguén. E negueime a obedecer a aqueles homes. O castigo foi brutal. Zorregáronme e golpeáronme, e pasei a noite encadeado a un enorme baobab, baixo a choiva incessante. As cadeas cravábanse na pel dos meus pulsos e nocellos e a

dor era atroz, intensa, profunda. Pero a maior dor era a humillación de terme convertido nun ser sen dereitos, nun neno sen nenez, sen educación, sen xogos. Era un escravo. Esa noite toda a miña vida pasou pola miña cabeza. Os días de ledicia en Ndzindzi, os días amarelos, verdes e vermelllos. Os agarimos e aloumiños da miña nai. As ensinanzas do meu pai. As historias dos vellos. A escola do poboado. Os xogos e as liortas. E meu irmán, Djan, que sempre estaba ao meu carón para me protexer”. O xuíz De Jong, que presidía a sesión do Tribunal Internacional de Dereitos Humanos, tardou en reaccionar. Gardou un longo silencio mentres trataba de aplacar a indignación que o invadía. De súpeto, deu un tremendo golpe co mazo e berrou

- “ Que compareza o xeneral Kaifi!”.

O xeneral avanzou, fachendoso e resolto, polo corredoiro central. Ao pasar a carón de Karabouh, lanzoulle unha ollada que o rapaz habería de tardar tempo en esquecer. Kaifi envolvera a Kwamambú nunha longa guerra, logo da cal instaurou un réxime de terror na que levara ao seu pobo a unha total ruína. Despois de cinco anos de poder absoluto, unha forza internacional de paz, coordinada pola Nacións Unidas, derrocouno e entregou o goberno do maltreito país a unha xunta democrática de cittadáns.

O xeneral detívose ante o xuíz.

-“Xa escoitou ao rapaz. Que ten que alegar na súa defensa? preguntou De Jong.

-Estabamos en guerra, señor xuíz. O meu exército era unha forza



de liberación nacional. O país estaba gobernado por unha xente que prohibira os dereitos fundamentais e os partidos políticos. Non se convocan eleccións. Era imposible cambiar o goberno. Só quedaba a loita armada.

-Cando vostede acadou o poder, xeneral, despois dunha guerra sanguinaria, fixo o mesmo.

-Había elementos desestabilizadores, chamémoslos así, que querían devolver ao poder aos tiranos que gobernaban antes. Tiñamos que defender a nosa xente.

Ademais, o pobo non debe pensar, non debe ter preocupacións que o afasten dunha existencia feliz. Xa estamos os gobernantes para nos preocupar por eles. Todos os nosos desvelos son para procurar a súa ledicia”.

O xuíz De Jong non daba creto ante a desvergoña de Kaifi.

-“Volvamos ao relato de Karabouh. Cando chegaron a súa aldea, mataron a varios habitantes, entre eles os pais e o irmán do neno. -Xa llo dixen antes. Estabamos en guerra, señor xuíz. Son accións propias dunha contenda.

-Incluso nunha guerra a poboación civil, especialmente os nenos, e mesmo os prisioneiros teñen dereitos recoñecidos polas organizacións internacionais. En calquera caso, vostede comezou esta guerra.

-Os habitantes de Ndzindzi rebeláronse contra os meus soldados. Dispararon para defendérense”.

Agora foi o propio Karabouh o que non pudo conterse:

-“Mente! Berrou dende o fondo da sala. Cando comenzaron a sacarnos das nosas casas, a arrasar as nosas colleitas e a separar aos nenos do resto do grupo, os homes tratamos de defendernos. Entón empezaron a disparar. Foi unha matanza!”

A pesar da súa indignación, De Jong quería manter a súa imparcialidade do seu tribunal:

-“Mociño, vostede xa falou, dixo dirixíndose a Karabouh. Agora é a quenda do acusado e ten dereito a falar como lle Pete, gardando o debido respecto ao tribunal. Así que, ou garda silencio ou me verei obrigado a desaloxalo da sala.”

Kaifi dirixiuille unha nova ollada, cargada de odio, que asustou de verdade ao neno. Pero Karabouh repúxose axiña e mantivo os ollos fixos no xeneral. “Eu, que sobreviví ao inferno, xa non podo ter medo a nada”-pensou.

-“E que ten que dicir da financiación do seu exército, xeneral?

-As empresas pagan por traballar nun país seguro e estable. Tamén pagan polo asesoramento en cuestións de seguridade. Os países limítrofes non son como o meu, e hai bandas organizadas de criminais que poñen en perigo a seguridade das minas e dos seus traballadores. Esforzámonos arreo para evitar riscos a estas empresas.

-Sabemos que houbo pagos de potentes empresas mineiras multinacionais. Atopamos contas a seu nome, por varios miles de millóns de dólares, en Luxemburgo, Suíza, Illas Caymán ou Panamá.

-Ben, o sistema bancario do meu país é moi eficiente, non sabe? E non garante depósitos de certo importe. Por outra banda, o balafón, a moeda de Kwamambú, non vale moito fóra



1.º ESO B

-“Vouvos dar caña brava”

do país. Está ben para un cidadán corrente; pero non para un home de mundo coma miñ. Víaxo moito e teño que ter diñeiro dispoñible en todas as partes.”

A desvergoña e o retintín de Kaifi acabaron coa paciencia do xuiz, que mandou que desaloxasen ao acusado. Xa escotara dabondo.

O seguinte en prestar declaración foi Mr. Guottisdjs, o delegado de Nacións Unidas para a infancia que dirixía a o grupo de cascós azuis que liberaron a Karabouh e os seus compañeiros, esgotados, famentos e coa brutalidade por única ensinanza. Confirmou as palabras do neno punto por punto. E engadiu que, cando atoparon a Karabouh na xungla, se estimaba, que no mundo había arredor de 250.000 a 300.000 nenos soldado. A historia do rapaz de Kwamambú fixera que gobernos de todo o mundo tomasen conciencia do gravísimo problema dos nenos soldado e hoxe, cinco anos despois, contábanse tan só de 2.000 a 3.000 principalmente en África. Pero esta cantidade considérase aínda excesiva, e Nacións Unidas contaba con anulala por completo en anos vindeiros.

Finalmente, cando o tribunal ditou sentencia condenou ao xeneral Kaifi a vinte anos de reclusión, por crimes contra o seu propio pobo. Ao coñecer a noticia, Karabouh quixo chorar pero non foi quen de facelo. Nese intre lembrou os seus pais, a Djan, aos seus compañeiros soldados, aos nenos que lles disparaban dende o outro bando, a morte, a destrucción, a inxustiza. Quixo chorar pero non foi quen de facelo. Porque Karabouh non sabía que as súas bágoas quedaran para sempre entre as cadeas, ao pé dun baobab. Un baobab de profunda raizame e orgullosa copa. Un baobab alto e forte coma a súa dignidade de ser humano.



CLUB DE LECTURA “NUBE DE PALABRAS”

Moi ben funciona no centro o club de lectura. Para valorar o seu traballo e convidarvos a el, vallan estas entusiastas verbas de dúas das súas coaboradoras:

Quien formar parte deste club de lectura por facer algo novo e porque me gusta ler. Ademais, se é con amigos... mellor, non? Dito así parece un pouco aburrido, pero só o parece. Ao longo deste curso lemos varias obras interesantes e logo compartimos tertulia, debate, contraste de ideas... Falando entre nós, conseguimos entender mellor aos personaxes dos relatos de Guy de Maupassant, ao inspector Leo Caldas en “A praia dos afogados” e mais aos misteriosos hóspedes de “La ratonera”, entre os cales se agachaba un asasino. Pero o mundo dos libros abriunos as portas doutros mundos: do mundo do cine a través visita do actor Luís Zahera, que nos ofreceu unha charla divertidísima e moi interesante. E do mundo literario de Guy de Maupassant, escutando a conferencia dun experto neste autor como é José Manuel Ramos. El axudounos a

entender os relatos desacoungentes do escritor francés. Aprendimos do que nos contaron, pero tamén queriamos facer cousas por nós mesmos. E así, elaboramos un guión e rodamos unha curta de medo. Aínda non foi estreada, pero agardamos que dentro de pouco tempo estea rematada para darse a coñecer. Pero aínda non rematamos as nosas tarefas. Este mes de maio temos que visitar aos nenos do colexió de Campolongo aos que lles imos ler contos. E temos unha páxina en facebook que vos recomendamos visitar! Como vedes, Nube de Palabras é moito más ca un club de lectura. É tamen unha nube de amigos, nube de opinións, de risas e emocións. Nube de actividades e diversión. En definitiva, encantoume ser unha palabra máis desta cativa nube. Helena Martín Herrero 1º Bacharelato E.



O 29/1/16 tivo lugar o coloquio- entrevista co actor Luís Zahera e “sacáronlle moito petróleo” á charla. Participou alumnado do Clube de Lectura “Nube de palabras” de 1.º Bach E. Alumnado de 1.º de bacharelato que teñen de materia de libre configuración Teatro e alumnado de 4.ºESOC. Organizou Club de Lectura.



XUBILACIÓN

Como nos últimos no noso Cartafol tamén queremos dar este muñido de agradecemento e despedida aos profesores e profesoras que este ano se xubilan: Dna Elena García Bugallo, memoria viva do Instituto, e D. Eladio Rodríguez Gandoy, do Departamento de Lingua Castelá e Literatura; Dna. Ángeles González Baldonedo, do Departamento de Ciencias Naturais; a profesora Charo Sánchez-Gabriel, do Departamento de Lingua Inglesa e excelente dinamizadora nos últimos anos da nosa Biblioteca e da páxina web; D. Rafael Vidal Meijón e D. Manuel Cortegoso, do Departamento de Matemáticas; e D. Xan Rey Durán, do Departamento de Educación Física e director do Ciclo Formativo. Entre todos suman máis de dous séculos de docencia no noso Centro. Desexámoslles, de corazón, moita saúde e felicidade para esta nova etapa das súas vidas.

O pasado 27 de abril realizamos unha entrevista aos exprofesores do Sánchez Cantón D. Rafael Vidal e Dna. Mª Ánxelas González no propio centro. Fixémoslles numerosas preguntas acerca da súa vida no noso instituto.

Segundo eles, que levan entre os dous 73 anos dando clase no centro, a súa experiencia no Sanchez foi moi importante; para Rafael (permítasenos tutealos), profesor de Matemáticas, "foi o seu primeiro traballo", mentres que Ánxelas, do Departamento de Ciencias Naturais, "xa tiña experiencia dando clases, mais chocoulle chegar a un centro que daquela aínda era exclusivamente masculino". Para eles, o Sanchez Cantón foi "o lugar onde

“Eu no Sánchez vivín feliz, estiven sempre a gusto ,”



traballaron e, o máis importante, onde se coñeceron"; pero agora, que xa non se dedican ao ensino, teñen "máis tempo para estaren coa familia e os amigos". O que si bota en falta Ánxelas é "a perda de contacto coa xente nova, na que apreciou os cambios que foron experimentando co paso dos anos".

Un momento importante para eles foi "cando tiveron aos seus tres fillos matriculados no instituto", agradecidos lembran con especial emoción o ano das súas graduacións. Tamén recordan especialmente o ano no que se cambiou o edificio antigo polo que coñecemos agora. Ademais dos cambios no instituto, os profesores remarcen "os cambios nos alumnos e os grupos, que pasaron a ser menos numerosos que no principio e o cambio de BUP a LOSSE". Ante a pregunta de se preferirían ter outro traballo, Ánxelas "tería preferido traballar no campo da investigación", mentres que Rafael "se sentiu moi a gusto na docencia". Tamén Ánxelas confesa que "prefería dar clase de CTA más que en Bioloxía ou en CMC". Igualmente, non teñen arrependimentos de nada. O único que rexeitan é a idea dunha "quedada" cos seus ex-alumnos, "antes prefieren un café ou unha comida cos seus excompañeiros".

Respecto á súa vida actual, Rafael explícanos que "a pesar de non traballar xa no centro, a súa vida é tan ou más laboriosa que antes, xa que agora pasa moito tempo na aldea, camiñando o una lectura". No caso de Ánxelas, "agradece especialmente o non ter horario e poder tomarse todo con máis calma". Os dous agradecen poder dedicar máis tempo á familia.

Para eles, o Sánchez foi a súa vida. "Todos os días aprendías algo novo" dicía Ánxelas. Finalmente, despídense con dous consellos, para alumnos e futuros profesores: Para os alumnos, "que sexan críticos, que pensen por si mesmos"- di Rafael. "Que sexan traballadores e respectuosos"- recomienda Ánxelas, e para os que queren dedicarse ao ensino, "que teñen que ter moita capacidade de adaptación, paciencia e vocación".

Só nos queda engadir o noso agradecemento e desexarles unha feliz xubilación.



A profesora Ánxelas nunha aula do Museo de Ciencias Naturais.



A VIAXE A LONDRES de 2.º de BACHARELATO

Seica ía moi frío, mais pagou a pena. El non si?



Óntanos Lucía (2º Bach C) que “dende pequena lle gusta o inglés e que estaba desexando viaxar a Londres para probar o seu nivel de idioma”. Por iso, cando en 2º de bacharelato o Centro organizou a viaxe cultural a esta cidade, non o pensou dúas veces. Esta semana en Londres “foi unha das mellores viaxes da miña vida, malia o prezo. Londres é espectacular como cidade pola cantidade de monumentos, do Big Ben ao London Eye ou aos extraordinarios museos en arte, historia e ciencia. Teño que destacar por excelencia Oxford Street entre as rúas; de teleno sabido, tería aforrado máis diñeiro antes da viaxe. Se teño que pórlle alguma aquela, falaría do frío que pasamos áinda levando catro capas de roupa. Con todo, foi unha experiencia inolvidábel e unha magnífica maneira de pechar o noso ciclo de seis anos no instituto. Graciñas ás profesoras Lara e Elba. Por suposto que volverei algún día; iso si, agardo que sexa no verán”.



2.º ESO C

“É pa as cabras, nenos”



Alumnos de 2.º de ESO participan no Concurso de Relatos Curtos de Coca-Cola

“A miña experiencia no concurso literario de relato curto de “Coca-Cola, Xoves Talentos”, foi magnífica malia o incidente que retrasou o noso traslado a Vigo. Encantoume ir ao CUVI. A Facultade de Telecomunicacións, na que realizamos a proba, estaba moi ben. A experiencia de poder xuntarnos con nenos doutros institutos e colexiós foi fantástica e gustaríame moito que puidésemos participar en cursos ulteriores. Aínda que o relato que escribín coa oración “*Aquela sombra desconcertába*o” non foi dos mellores que teño realizado, estivo moi ben participar nesa experiencia.”

Cristina Vilas Vázquez, 2ºESO B

“A miña experiencia comezou cando o profesor de Lingua Galega nos deu á miña compañeira Cristina e mais a min unha carta de Coca-Cola que contiña toda a información do concurso. Todos os que asistimos citarímonos na estación de autobuses ás 15:30. O autobús nunca chegou e finalmente recolléronos nuns taxis. De camiño á universidade estivemos falando de se nos deixarían o mesmo tempo que ao resto, pois empezammo a proba en desvantaxe polo retraso. Cando chegamos non me acordo moi ben da hora, do que si que me acordo foi de que nos recibiu unha señora que nos indicou a onde tiñamos que ir, a clase era grande e empinada, como sempre pensei que eran as clases de universidade. Enriba da mesa tiñamos un par de follas para facelo en limpo, a folla para entregar e unha botella de aluminio cunha lámpada de goma escuma cunha frase, “a que la s o m b r a d e s c o n c e r t á b a l l e”. O meu conto foi moi raro. Xa unha vez rematada a

proba, estivemos a falar sobre o que fixemos e só a Felipe lle fora dabondo o tempo. En fin, a ver que pasa cos premios. A experiencia foi

interesante. Tamén fixemos unhas fotos diante da facultade e de volta para casa iso sí, agora en autobús”.

PABLO Alonso de 2º ESO B



Scienceffect, unha nova forma de pensar"

No segundo trimestre do presente curso, (28/01/16), tivemos a honra de recibir a Carlos de Frías, Xosé Gago e Valentín Estévez, tres



Carlos, Xosé e Valentín nun momento da súa amena disertación.

exalumnos que xa estando no centro destacaban na experimentación científica e foron premiados en varios certames, mesmo a nivel internacional. Agora, xa na universidade, segue en experimentando e divulgando o saber científico. Convidados polo Departamento de Orientación, recibímoslos no paraninfo con alumnos de 2º de bacharelato aos que lles presentaron a súa páxina web **Scienceffect** e o traballo de investigación que seguen a facer dentro da USC (Universidade de Santiago de Compostela). Foi unha magnífica invitación a que sigan o seu exemplo de traballo e cumplir soños na universidade. Foi unha exposición moi atractiva que seguimos todos con especial interese.

A DE COUSAS QUE FAN OS DO CICLO FORMATIVO

Carla e Andrea resúmennos en poucas palabras o seu paso polo Ciclo Formativo do Centro e serven de testemuño das características deste tipo de formación tan especial e das vivencias e múltiples actividades que nel se desenvolven.

Como estudiantes do ciclo de Técnico Superior de Animación de Actividades Físico Deportivas deste instituto, queremos explicarvos en poucas palabras o que significou para nós: Comezamos o pasado curso pensando que ían ser dous anos de paso. Nós queríamos intentar subir nota para entrar na Facultade de Fisioterapia en Pontevedra; pero, co paso do tempo, decatámonos de que eses dous anos ían servir para moito máis. Atopámonos cunha clase moi variada, cada un coas súas razóns para estar no ciclo, pero todos cun mesmo obxectivo, seguir no mundo do deporte. Ningún se imaxinaba a gran variedade de materias que se impartían neste ciclo e moito menos a cantidade de cousas que aprendemos delas. A gran carga horaria do curso facía que pasásemos moitas horas

xuntos, a gran mayoría destas traballando en equipo. Isto



Na fotografía as autoras deste artigo Carla Cerqueira e Andrea González, alumnas do Ciclo Formativo e deportistas destacadas en piragüismo.

ocasionou que, co paso do tempo, xurdisen os roces entre uns e outros compañeiros; pero tamén soubemos afrontalos e arranxalos con tranquilidade. Pensádo agora con máis calma, sabemos que é un comportamento totalmente normal nun grupo. Isto non quita que pasásemos momentos moi bons, como clase e como persoas individualmente, xa sexa facendo rafting en Arbo, realizando actividades cos rapaces do Juan XXIII ou nun día de clase normal. Para rematar, decatámonos de que a nosa idea inicial era a equivocada. Agradecemos a gran implicación dos profesores que fixeron de uns anos de paso uns anos cheos de aprendizaxe. Estes dous anos servíronos de gran experiencia que nos axudarán no noso futuro, xa sexa no ámbito laboral, persoal ou estudiantil. De verdade, graciñas!.




Raffting no Río Miño

O día 10 de novembro os alumnos de 1º do Ciclo de Animación Deportiva desprazáronse ata Arbo para realizaren unha actividade de familiarización co raffting, onde tiveron que mostrar as súas destrezas para mantérense enriba da balsa superando unha boa farta de dificultades. Os alumnos estiveron acompañados pola profesora Marianne Mignon e o profesor Xan Rey.



¡O pracer de loitar contra das forzas da natureza!



Caricaturas





Durante o roteiro Castelao

VIAXE A RIANXO E ROTEIRO CASTELAO

— Anxo Tato Arjona e Álvaro Pérez Álvarez - 2.º Bach. D. —

O pasado día 21 de Outubro, realizamos unha viaxe cultural a Rianxo, berce de autores literarios ilustres tan importantes para a cultura galega como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio ou Ramón Cabanillas. Tras unha dura e longa viaxe, marcada polas fotos a traición mentres a xente durmía, e tamén polo Karaoke levado a cabo por todo o grupo (especialmente polo vocalista Don Luis Lores Segade), chegamos ao noso destino. Unha vez alí, unha

natural de Rianxo asoballounos con información sobre o sobradamente coñecido Manuel Antonio, cuxo principal poema é "Sós". Posteriormente realizaríamos unha super-interesante "gincana" por toda a cidade. Tamén nos gustou de Rianxo degustar as cervexas e os cafés a só un euro.

A experiencia completouse o pasado mes de abril, cando o mesmo grupo fixemos o Roteiro Castelao e a visita á exposición recentemente inaugurada no Museo de Pontevedra.



Retratos diante a Casa Museo de Manuel Antonio

**14
DE FEBRERO
S. VALENTÍN**

Como vén sendo habitual nos últimos anos o Grupo de Normalización Lingüística promoveu no pasado mes de febreiro un concurso de declaracions de amor polo San Valentín. As declaración foron recollidas en número dunhas trescentas nunha caixa de correos habilitada na portería e repartidas por alumnos do GNL aos seus destinatarios clase a clase. Agradecemos a vosa participación na iniciativa e a colaboración do alumnado que a fixo posible.

No Sánchez, a 14 de febreiro de 2016.

Non leva moi tempo no Sánchez; mais poderías reconécelo

A ver se adiviñas quen vén sendo



Este ano cumprende seis anos dende o día en que este centro me acolleu como aos outros oitenta rapaces que chegamos para comezarmos a ensinanza secundaria obrigatoria (ESO). Todo comezou con moito medo e expectación. Non tiñamos nin idea de como ían ser as nosas vidas, o único que sabíamos era que, como todo o mundo dicía, era un novo e significativo comezo para todos nosoutros dunha etapa que xamais esqueceríamos.

E así foi. Os comezos sempre son duros e este non ía ser unha excepción. O primeiro curso foi de adaptación. O segundo ano foi mellor ca o primeiro, pois moitas das caras anteriormente descoñecidas xa eran familiares. O terceiro ano lémbroo como un ano durísimo de moito traballo e moita presión, aínda que tamén moi divertido. O cuarto foi un dos mellores anos para min. Tocáronme uns profesores excepcionais e uns compañeiros que neste momento seguen a formar unha moi importante parte da miña vida. O primeiro curso do temido Bacharelato foi un ano intenso, pero tamén moi satisfactorio. Coñecín a moitísima xente nova, aprendín moitísimo, paseino moi ben e saquei o mellor de min en cada momento. Personalmente, supuxo un enorme cambio de mentalidade. Así, os días foron pasando, pouco a pouco, pero tamén rapidamente. Houberon moitos madrugóns e moitas noites en vela, pero nada diso en balde. Xa estou no terzo final de segundo de Bacharelato. Xa pasaron seis outonos de comezos de curso, seis invernos de exames, seis primaveras de moito esforzo e seis veráns inesquecibles. O tempo pasa moi rápido. Todos esos nervios do primeiro día de instituto quedan hoxe moi lonxe, aínda que permanecen nos meus tenues recordos. Os alumnos deste centro contamos co apoio de moitos profesionais que nos foron guiando ata sermos as persoas que somos na

actualidade. O noso éxito é froito dos seus esforzos, das súas correccións e das súas chamadas de atención. Está claro que sen todos eles, nin este centro nin nosoutros, seríamos os mesmos.

O balance destes seis anos é, claramente, moi positivo. No instituto entrei sendo unha persoa e saí sentindo outra completamente distinta, aínda que a esencia permaneza. Pero isto pasoulle a

formárenme no ámbito académico, senón sobre todo no ámbito persoal, xa que todos, excepto algúns poucos docentes, aportaron algo de valor ós alumnos, e que, a fin de contas, forma un pequeno anaco da nosa personalidade e da nosa educación como persoas. O mesmo debo dicir dos membros do equipo directivo e os conserxes entre outros aínda que en menor medida.

Quero mostrar tamén agradecemento ós compañeiros de curso cos que compartín aula durante anos e cos que tamén vivín momentos inesquecibles como foron viaxes culturais, dende a primeira delas (Semana Branca) ata a derradeira (a viaxe a Londres), realizada este mesmo ano. Tras moitas outras experiencias alleas ás viaxes culturais tamén puiden coñecer moito más a fondo a moitas persoas que probablemente xamais me tería imaxinado que chegaría a coñecer tan ben e a establecermos unha boa amizade. Levo deste centro moitos coñecidos para o día de mañá, pero sobre todo moitos amigos e amigas cos que sei que poderei contar cando sexa necesario.

A verdade é que o tempo pasa moi cedo e parece que foi onte cando, recién saídos da educación primaria, cruzamos a porta do centro por primeira vez. E aquí estamos a día de hoxe, a maioría de nós a punto de saímos de aquí para seguirmos a prosperar na vida coma persoas. (*Juan David López Barbosa - 2.º Bach. B*)

As cousas non son como empezan, senón como acaban. Hai seis anos atrás, a meirande parte da nosa promoción iniciaba o seu longo percorrido polo Sánchez Cantón, asociándose coas novas caras dos conserxes, profesores e demais persoal do centro. A eles, uníranse xente coma min, achegados nos derradeiros cursos, que a pesar da nosa escasa estancia no instituto, podemos corroborar a calidez que aportan aqueles que o forman.

Nosoutros, os estudiantes, como

O NOSO PASO POLO IES SÁNCHEZ CANTÓN

todo o mundo. Ano tras ano, é evidente o cambio que se produciu en moitos dos meus compañeiros e amigos, tanto físico como mental, o cal fixo que deixásemos definitivamente atrás a nosa infancia. Foron seis anos de vivencias, traballo, convivencia, aprendizaxe e moitas risas que, como é lóxico, deixan unha pegada imposible de borrar.

Finalmente, quero expresar o meu desexo de que todos os actuais e futuros estudiantes do IES Sánchez Cantón o gocen e o aproveiten tanto como eu o fixen. Que non caiba a menor dúbida de que están e estarán sempre en moi boas mans. (*Ada Pouseu Blanco - 2.º Bach. E*)

Tras un período que podería considerarse bastante longo neste centro soamente teño palabras de agradecemento cara ós que durante os seis últimos anos foron os meus profesores e, sobre todo, especial agradecemento cara ós meus titores. Non soamente por



viaxeiros dun barco, discorremos polo río I.E.S. Sánchez Cantón, gozando da viaxe e, lembrando con dozura os atrancos que puidemos ter, como se fosen saltos dun río.

A día de hoxe, voltando a vista atrás, revisando os meus setecentos trinta días neste centro, coido que poder estudir nel non foi unha experiencia, senón un há honra. A simple vista, o instituto é como outro centro de ensino máis, cos seus problemas de canos, coas entradas esvaradías e os taboleiros electrónicos un “pouco” defectuosos. Porén, o que diferencia o noso instituto é, claramente, o seu claustro, co que ás veces non estamos moi de acordo. Son os seus profesores os que marcan a diferenza e, provocan en nós a tristura da nosa marcha e tamén da súas xubilacións. E con isto último, refírome ao exdirector e profesor de Lingua Castelá D. Eladio Rodríguez Gandoy e á profesora de Bioloxía e Ciencias da Terra Dna. María Ángeles González Baldonedo, dos que tiven o pracer de ser alumna. A eles, xúntanse profesores tan soados como Prudencio Chamorro

González, M^a Elena García Bugallo, Rafael Vidal Mejón e Anxo González Guerra, que deixaron unha forte pegada na historia do noso centro. Coa imaxe, aínda na mente, das clases repletas de alumnos, intento contentar o meu espírito melancólico que cada día asume máis a súa marcha. Así, con moitas vivencias en pouco tempo, chíscolle o ollo ao centro que, como río, nos desembarca nun novo peirao. Ata sempre, Sánchez Cantón! (*Cayetana Gullón Conde, nº 10 - 2º Bach. C*)

“Seguramente este sexa un dos meus derradeiros traballos como alumno do I.E.S. Sánchez Cantón. Cando me lembro do comezo do meu camiño polo instituto, vexo un mozo totalmente diferente ao que é hoxe en día. É sorprendente como cambian as cousas en tan só seis anos. Todos os anos en xeral, o pasei xenial, pero quero destacar dous que foron os mellores do meu paso polo instituto. Estes cursos son 2º e 3º da ESO. A verdade é que non sei moi ben por que, pero téñolles moita nostalxía e cariño. O más curioso disto é que case todo o

mundo coincide neses mesmos anos. Eu creo que é porque todos temos a percepción de que tempos pasados sempre foron mellores, aínda que non fose así. Persoalmente, collinlle moito cariño a esa etapa da miña vida, xa que, e cando comecei a ser eu. Con esa idade comecei a saír cos meus amigos e tamén consideralos como da miña familia. Ademais, comecei a coñecer a un feixe de xente que me estivo acompañando todos estes anos. Todos eles foron cambiando a miña forma de ser ata chegar a este momento no que estou redactando este traballo. Con respecto aos profesores, creo que non teño nada que obxectar, todos eles foron aportando algúns cousas que me axudou a mellorar. Alguns deles, xubilados ou non, marcáronme polas ensinanzas que me ofreceron. Podo concluír, que estes anos son irrepetibles e inolvidables. Creo que estes anos van ser recordados o resto da miña vida coma os mellores”. (*Iván Villanueva García - 2º Bach. B*).



2.º BACH. A

“As cousas mellor en quente. Felices comendo xureliños”.





RECREOS CHEOS DE VIDA

Porque os recreos tamén son moi importantes: o vestíbulo, con constantes exposicións; a cafetería, cos aperitivos; o patio exterior, balóns, ruído, as amizades; o paraninfo, case sempre os de teatro; a biblioteca, que move cerca de 4000 préstamos por curso ou os campionatos de xadrez ; ou o pavillón deportivo, no que dentro do Programa Deportivo do Centro (PDC), todos os recreos se están a desenvolver múltiples actividades promovidas pola Vicedirección e o profesorado do Departamento de Educación Física. Engadimos estas imaxes como exemplo da motivación e participación do alumnado nas diferentes competicións. Ano a ano faise notar a participación feminina, cada vez más significativa.




NO CENTÉSIMO TERCEIRO CABODANO DE RAVACHOL

Este curso tamén nos sumamos unha vez máis a un dos eventos xa tradicionais na cidade de Pontevedra: O enterro e pranto polo papagaio Ravachol. Foi, coma de costume, unha elaboración interdisciplinar entre



diferentes departamentos, equipo directivo, profesorado e alumnado de diferentes cursos que supuxo unha exposición de máscaras no vestíbulo e un acto fúnebre desenvolvido no paraninfo durante o recreo.





No estudio e aprendizaxe das ciencias experimentais por que limitarse ás clases teóricas e de laboratorio convencionais? Por que non probar novas fórmulas? A realización dunha semana da ciencia, na nosa opinión, é unha perfecta oportunidade de achegar o alumnado á ciencia dun xeito lúdico, divertido, recreativo, atractivo e interactivo. Durante esa semana o instituto convértese nun Centro de referencia no científico, lugar de encontro coa actividade científica, e punto de divulgación da Ciencia. Pretendemos aseade amosar que é perfectamente

possible unha ciencia en galego.

O obxectivo que pretendemos é paliar, en parte, os problemas que atopan algúns alumnos á hora de enfrentárense co estudio das ciencias experimentais, tanto na ESO como no bacharelato e ante o éxito que teñen as saídas didácticas aos museos de ciencias pensamos en facer do instituto un pequeno museo de ciencia durante unha semana. Un Centro de Ciencia; un lugar no que a información científica se presente de forma atractiva, cun novo estilo de comunicación a través da manipulación de obxectos e a realización de experimentos. Un lugar

de aprendizaxe e de sensibilización científica, con vocación de servizo e aberto a todo o ámbito de influencia da súa acción educativa. Buscando unha vertente lúdica e o mesmo tempo divulgadora. Nesta semana déixanse os libros de ciencia aparcados (a teoría e os problemas numéricos) e sácase o material do laboratorio, xoguetes, material sinxelo de uso cotiá para vermos a faceta lúdica, divertida e experimental da ciencia. Para que serven os coñecementos adquiridos? Que somos capaces de explicar co aprendido nas clases? Onde está a ciencia na nosa realidade cotiá? Cal é o principio físico que explica o funcionamento dos diferentes xoguetes? Está ademais demostrado que os museos interactivos, a existencia dos laboratorios e a utilización das mans no proceso de aprendizaxe científico está comprobado que provocan a motivación do alumno, estimula a súa creatividade e desenvolve o seu pensamento independente.

No aspecto pedagógico un dos obxectivos é que os alumnos sexan conscientes das súas aprendizaxes. Por iso a preparación dos alumnos monitores para a súa posta en acción diante dos visitantes da exposición é un dos puntos más relevantes e con maior rendemento pedagógico. Aos monitores pídeselles que expresándose cunha linguaxe científica expliquen os experimentos, que demostren os seus coñecementos e elles vexan a súa utilidade dunha forma práctica.

Como nos museos de ciencia nesa semana intétase ofrecer a posibilidade de curiosear, experimentar, observar, xogar e aprender mentres algo ou alguém nos desvela os misterios da Natureza. As experiencias que se mostran intentan ser sorprendentes e fáciles de manipular co obxecto de que os visitantes se vexan atraídos e motivados cara á ciencia dunha forma atractiva e lúdica.

Nos paneis amósanse láminas teóricas (A3) e outras tantas experimentais (A2), correspondendo un par de paneis a cada unha das montaxes realizadas. Nun, ademais da imaxe do experimento, explícase a forma de interaccionar cos materiais que o acompañan, suxírense cuestións relacionadas con el e se pide unha





explicación do mesmo. No outro panel indicábase cal é o obxectivo didáctico que se persigue en termos de conceptos físicos que se queren poñer en evidencia, acompañado do seu fundamento teórico explicado de forma sinxela e cualitativa. Esta estrutura amosa as dúas dimensións da ciencia: os conceptos e os procesos, onde neste caso, se enfatiza na dimensión procesual.

Os conceptos básicos que se abordaron foron: mecánica, óptica, electromagnetismo, calor e termodinámica, ondas mecánicas (son) e electromagnéticas (luz), fluídos e química. En cada experimento formúlanse cuestións que intentan levar ao alumnado a intentar explicar os feitos presentados, buscando semellanzas con fenómenos que eles están a ver de cotío na súa experiencia diaria ou extrapolando a situacións coñecidas de todos.

Creamos que é digna de salientar a satisfacción persoal dos alumnos monitores e o interese con que afrontaron a súa tarefa. Asemade, hai que sinalar o bo comportamento amosado polos visitantes da mostra así

como o respecto do material. A pesar de ser material fráxil non houbo que lamentar deterioros nin desaparición de ningunha peza da exposición. Só pequenos desperfectos derivados da propia utilización do material. Tamén foi notoria a expectativa creada entre o alumnado do instituto. Tratamos de suscitar o interés e a motivación deixa a ciencia presentando feitos chamativos ou chocantes. Preténdese unha introdución á ciencia e, sobre todo, á súa aplicación na vida cotiá. Por iso non se incide tanto na parte teórica como na práctica ou manipulativa. Así pois, consideramos necesario xeneralizar este tipo de prácticas como un esforzo para aumentar o nivel de cultura científica do noso alumnado e da sociedade que lles permita unha mellor participación democrática en decisións que poden afectar a súa vida: pensemos en problemas medioambientais, bioéticos, etc.

Finalmente, é digna de salientar a satisfacción persoal que se produce nos alumnos monitores e o interese con que afrontan a súa tarefa, cun notorio o aumento da súa autoestima

ao poñeren en práctica os coñecementos científicos básicos que posúen e que lles permiten poder explicar as experiencias aos seus compañeiros.



caricaturas

1.º BACH. A



1.º Bach. A “Esquilmádeme con ritmos tropicais, panda de gallináceas”



ATRÉVETE CUNHA SEMANA EN GALEGO

A chégase a primavera e dende o Grupo de Normalización Lingüística queremos convidarte a vivir, coma o curso pasado, vintecatro horas en galego. Fai unha ficha de seguimento da actividade, coas anécdotas, curiosidades, dificultades e coa valoración que supuxo para ti esta experiencia; entrégalla ao teu profesor de Lingua Galega e, se es quen de resistir unha semanía enteira, o Grupo de Normalización Lingüística entregaráche un certificado coma este.

Pedímoslle ao profesorado que lles facilite a tarefa e convidámolo asemade a participar desta iniciativa contribuíndo co seu gran de area ás mil primaveras más para a lingua.

No Sánchez, na primavera de 2016

CONTRATO DE FIDELIDADE Á LINGUA GALEGA

E u, comprométome a exercer como axente normalizador da lingua galega no IES Sánchez Cantón durante o presente curso.

Comprométome a exercer activamente e con responsabilidade o meu dereito a construír en galego a miña vida escolar, demostrándome a mi mesmo e aos meus compañeiros e compañeiras que a mellor forma de conseguir a normalidade para a nosa lingua é coa práctica diaria.

Quero participar cos meus grans de area na construcción dun presente digno e un futuro esperanzador para o noso idioma e súmome así aos miles de mozos e mozas da miña xeración que estamos a cambiar a Historia do noso país ao mantémonos fieis á nosa lingua, o noso principal sinal de identidade.

Apúntome a mellorar as miñas actitudes cara ao noso idioma e aumentar os meus usos formais e informais no contexto escolar.

E o máis importante de todo: quero demostrar que falar e escribir en galego é doado, útil e valioso.

Sinatura



Pontevedra, a de de .



**“Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semanía enteira
iso si que é muiñada”**

Durante o terceiro trimestre dende o Grupo de Normalización Lingüística decidimos retar ao noso alumnado a vivir unha semana en galego e moitos deles, especialmente de segundo de bacharelato, xa se sumaron á experiencia, outros moitos están áinda no proceso nestes momentos e agardamos que vaia sumándose máis xente. Dos comentarios e curiosidades que relatan da súa experiencia hai unha serie de lugares comuns como que “os primeiros días lles custou máis, que lles foi máis difícil no centro ca fóra, especialmente nas familias”, que agradecen moito que fagan esta experiencia”. Repítense, asemade, o comentario “A mi no me hables en gallego”, “deja de hablarme en gallego” ou “si me sigues hablando en gallego no te hago caso”, que tiveron que escutar máis de un. Entre as aseveracións más singulares temos, por exemplo a de Daniel (2º Bach C), “nunca falara en galego nun lugar que non fosse a escola”. Outros comentan que agora na casa xa o falan sempre. É o caso de Anxo (2º Bach B) quen se decatou de que “todos sabemos moito más galego do que pensamos e de que hai moitos más galego-falantes dos que cría”. Iván (2º Bach B) pensa que “parece mentira que fagamos isto por un punto”. Mateo (2º Bach D) comenta que lle molestou “que algún me dixese que me imponen o galego; ás veces eu sinto que o que si me imponen é o inglés”. Carme (2º Bach B) conclúe que “a semana en galego a enriqueceu persoalmente e lle permitiu sacar conclusiones moi interesantes e pensar acerca de temas aos que antes non lles prestara atención, e que pór en práctica a lingua é a mellor forma de aprendela, especialmente nestes días que estamos a prepararnos para a selectividade”. Noa (3º ESO) di que “te decatarás de que, se falas ti en galego, falarancho case sempre”, e engade “É moi fácil. Podería falar sempre en galego. Pensareino. Recoméndoo: É unha experiencia incrible”. Pablo (2º Bach), que tamén “tivo que escutar que “era cousa de bloqueiros e de montunos” comenta que “lle foi máis doado facelo na familia e por whatsapp” e comprométese, agora que rematou a semana, “a seguir usándoo sempre por whatsapp e demais redes sociais, falarlle sempre en galego aos técnicos de Vodafone, R, etc, usalo sempre cos descoñecidos e facer todo en galego o ano vindeiro na universidade”. Luís (2º Bach D) di que atopou moita xente que o recriminou por falar en galego, mais que lle pareceu “unha verdadeira marabilla sentirme tan cómodo expresándome na lingua propia do noso pobo. Sentinme moito más identificado coa causa e situación galega actual e, por suposto, convido a todo o alumnado a probar esta actividade”.



Que viva o Teatro!!!

Hai uns anos que sabemos da culpábel dun virus que se está a propagar entre os nosos alumnos e que os está contaxiando do amor polo teatro e, de paso, cambiánndoos como persoas. Canto aprenden! A verdade é que todo o alumnado debería experimentar cando menos unha vez con esta materia ao longo da súa formación. Vede como mostra a reflexión á que chegan os que así o fixeron e animádevos.



Belén, Pedro e Alex nunha escena de "La Ratonera"



Amiña experiencia no grupo de teatro do Sánchez foi excelente. Polo módico prezo dunha hora da túa vida todos os luns pola tarde, despois das clases, podes facer novos amigos, relaxarte dos exames, bailar, rir, recibir clases particulares contra o medo escénico, aprender a tocar algúns instrumentos musicais, rir aínda máis e incluso pode subir a túa nota en certas asignaturas.

Porén o teatro supón moito más ca iso que pasa os luns pola tarde. Se decides unirte á “seita teatreira”, poderás experimentar o ensaio dende dentro, a arte de actuar, a maxia de convertéreste nunha persoa(xe) diferente, poderás disfrazarte de quen non es para vivires na pel de quen queiras ser, deixando os problemas atrás; namentres, fronte a todo o público, demostras o que vales.

Normalmente a xente non se

apunta ao grupo de teatro por medo. Por medo a facer o ridículo diante de todo o instituto ou diante de toda Pontevedra no Teatro Principal. Teño que admitir que eu dubidei pos ese motivo se apuntarme ou non e que foi, grazas á profesora Belén de Lingua Castelá, quen me subornou cun punto máis na nota, que me metese a teatro. Aínda lembro cando o medo volveu a min antes de saír a escena na miña primeira representación. Esa sensación que che fai tremer as pernas e poñerte vermello de vergoña. Mais é pasaxeira. Ese medo transformase en nervios e más adiante en emoción, en ganas de saír ao escenario e gañar os aplausos do público”

Así nolo conta **Federico de la Peña (2º Bach.)**.

“Respostar a como foi a miña experiencia no grupo de teatro do instituto pode parecer sinxelo, mais

síntome na obriga de facer **¶** como tanto nos insistiron na clase **¶** unha breve contextualización do tema. O meu primeirísimo contacto co mundo do teatro é incerto, pero de seguro sería un domingo no Teatro Principal vendo algunha obriña infantil. Eu volvía á casa ilusionada pensando en que ao día seguinte o profesor chegaría á clase dicindo que íamos representar unha nós mesmos. Nunca foi así. A clase na que estaba en primaria nunca era a elixida para cantar panxoliñas nos festivais, ler poemas, actuar nos Maios e moito menos para representar obras de teatro. É mundialmente coñecido que cando non se ten algo máis se desexa, e así as ganas ían en aumento. A primaria estaba xa por rematar cando as miñas expectativas víronse cumpridas cunha profesora nova con aínda ganas de facer as cousas. O anuncio da representación foi tan






Velaquí o elenco da obra

ben acollido polo alumnado que os papeis se tiveron que repartir a sorteio. O azar actuou e fun agraciada cun marabiloso papel de... casa! Pero non unha casa que fala, non. O meu único cometido era soster unha cartoliña debuxada. Iso sí, sabíame á perfección as liñas de todos os personaxes; un desperdicio de memoria. Todo transcurriu con normalidade ata 1º da ESO onde un par de compañeiros tivemos una experiencia vergonzosa e nefasta enriba dos escenarios, que só menciono de pasada para que quede constancia de que non todo é goce no teatro, tamén existen malos momentos. Así chegou por fin 4º da ESO, onde Belén Herrero entrou cun sorriso de orella a orella no instituto e formou un grupo de teatro en condicións que representaría, entre outras obras, "La venganza de Don Mendo", un hilarante astracán-musical que fixo que toda a audiencia chorara da risa as dúas horas de duración do acto. Agora si que chegara o momento de involucrarme activamente. Se como espectadora fora tan divertido, como sería estar do outro lado? Pois ben, para o alumnado que teña asistido as nosas representacións e ánda dubide se comezar no teatro

ou non, teño que dicir que no outro lado a diversión se multiplica por cen, ou mesmo por mil. Non podo afirmar que todo sexan risas, pero case. Os ensaios son, na súa maioría divertidos: compartes experiencias cos teus compañeiros, bailas, aprendes e fas novos amigos, que máis se pode pedir? Comida quizais, pero iso tamén está máis que cuberto. Obviamente existen nervios antes da representación, pero saír confiado á escena pode axudar a superar tamén o pánico escénico. Persoalmente a

experiencia más enriquecedora foi participar na representación de "La ratonera" xunto con parte do profesorado e baixo a dirección do xenial Hugo Andrade. Non foi a primeira vez, pero si a máis complexa a nivel interpretativo, pois de momento só somos amateurs tentando pasalo ben. Por outra parte, a xente nova tendemos a nos adaptar rapidamente e é lóxico que os personaxes e mais os compañeiros de reparto rematen inconscientemente ensinando leccións de vida moito más válidas que a metade das cousas que "chapamos" na aula. O teatro non é unha mera actividade extraescolar, é unha experiencia vital, un método de aprendizaxe alternativa que por suposto recomendo a todo o mundo. Non desperdiciedes a oportunidade. Paga a pena". Imposible cortar nin unha frase do que nos conta **Helvia Álvarez Carrera - 2º Bach. D.**

"Sobes ao escenario. As luces concéntranse en ti e soamente en ti. Miras cara a zona onde debería estar o público, pero non consegues ver moito, xa que os seus asentos



O día da estrea no noso paraninfo




non están iluminados. De cando en vez distingues algunha que outra face. Entón decástate de que a función debe comezar. Ese é o momento no que tes que mostrar a todos aqueles que están alí sentados o que sabes. Tremen as túas mans, as túas pernas e a túa voz, pero aínda así debes falar. A satisfacción de escoitar os risos da xente nada máis abrir a boca. Saber que lles estás facendo pasar un bo intre. Que lle gusta o que levas preparando todo o curso. A xente aprecia todo o que fixeches para preparar o espectáculo e todo o que estás a facer para enfrentarte ás súas olladas. E esa é a sensación que fai que a actividade do teatro pague a pena. Agora, despois de todas as obras que teño feito, lémbrome dos ensaios. Todas esas veces nas que ningún sabía o que tiña que dicir e estabamos todos nerviosos polo pouco tempo que quedaba para que

a obra fose representada. Todas esas veces nas que discutiamos entre nós para cambiarmos algunha escena, ou por non ter claro dende onde debiamos entrar. Mais tamén lembro todas aquelas ocasións nas que ríamos xuntos polos nosos propios erros, ou ao escoitar por vez primeira un dos chistes dalgunha escena, ou mesmo cando tivemos que gardar os nosos nervios para poder tranquilizar a outros. O espírito, o compañerismo, iso significa formar parte desta actividade. O teatro... Vaia experiencia! Considéroo moi importante na miña vida xa que, quen non tivo que facer algo de teatro para sobrepassar algunha ocasión? Facer teatro é ter a oportunidade de vivir situacións que na vida real non vivirás xamais, é ver como reaccionar ante distintos contextos. Arrepíntome de facer teatro? A resposta é, e sempre será:

non". *Marta Villanueva de 4º de ESO* tamén está enganchada ao teatro.

"Aprendemos a parecer enfadados ou tristes. Faciamos coma se estivésemos ledos. Rebuscabamos no noso interior emocións e tratábamos de transmitilas. Transformados noutros sobre o escenario. Mirabámonos, dabámonos as mans, bailabamos, berrabamos... O instituto era unha escusa: Todo estaba ben" Que ben o resumiu *Teresa L. Otero Beloso - 2.º Bach.*





CIII CABODANO DO LORO RAVACHOL

Auxiliar de botica retirado

Q.E.P.D.

(Que En Pontevedra Despachaba)

*Cando hai 103 anos que marchou para a pataqueira disque por un empacho de biscoito mollado en viño de Barrantes, farto e confortado cos auxilios espirituais, santos sacramentos e bendición apostólica, este alborotador, afrancesado, irreverente e animador do entroido pontevedrés vai camiño de se converter no papagaio máis famoso do mundo e a comunidade escolar do IES Sánchez Cantón quere sumarse á dor que por el gardan todos os corvos bárbaros e demais fauna capitalina. Daquela, o vindeiro venres, día 12 de febreiro, convidase a caladiños e laretas a acudiren ao centro vestidos coas roupas apropiadas para a ocasión e a participaren no acto fúnebre que se oficiará no paraninfo de 11:30 a 12h, onde será chorado a fartar. No canto de flores, prégase que cadaquén invente unha laudatio fúnebre do tipo “**Morte neghra, lévame co loro!**”, que poderá declamar a berros cantas veces quixer. Presidirá as honras o emérito magister e inesquencíbel seminarista D. Anxo González Guerra.*

Nota: Admítese dó a esgalla e, por orde do Ilmo. Sr. director, queda suspendida e mesmo prohibida calquera outra actividade mentres dure a pompa fúnebre na súa honra.



No Sánchez, un ano máis, a chorar tod@s polo finado

2.º ESO A

PARANINFO



CARTA AO AVÓ

De Carmen

Para o meu querido avó

Pontevedra, a 26 de xaneiro de 2016

Ola avó!

Canto tempo! Verdade? Xa hai un ano dende a última vez que nos comunicamos. Preguntaraste para que che escribo isto e... non o sei nin eu, supoño que para que vexas que non me esquezo de ti, avó, porque de ti é imposible non lembrarme.

Agora, mentres pensaba o que che ía contar nesta carta, decidín escribirche unha vez cada mes. Contareiche as cousas que me pasan, lembranzas nosas, os meus desencontros coa túa filla,... e miles de temas máis.

Nesta carta, ao ser a primeira, quero contarche algunas das nosas lembranzas, que fixo que che sacan ese bonito sorriso que tes. A ver... lémbrome de cando viñas coidarme polas mañás e me ensinabas fotos, ou de cando me levabas ao parque e, más tarde, á praia cos meus amigos. Tamén cando me contabas historias do teu pasado ou esas outras inventadas que parecían totalmente cribles e, ainda a día de hoxe, as crería. Por lembrar, lembro ata esas cóxegas que me facías ou aquelas miradas que valían máis que mil palabras; tamén, aquellas tardes vendo películas ou as partidas de cartas que, cousa rara, gañaba eu... e lembro tantos outros momentos que non remataría esta carta en anos e xa vai chegando o momento de parar de escribir.

Avó, sabes que aquí sempre terás a unha nena que te ve cos mellores ollos e que te considera o mellor de todos. Espero que non te esquezas nunca de min,

Quérete moito a túa neta, Carmen.

P.D.: Sei de sobra que esta carta non chegará as túas mans, debido a que a queimarei e tirarei as cinzas polo aire, pero espero que como ben din: "os que se van, sempre estarán vendo desde alá arriba". Así que espero que esteas lendo isto. Sempre te terei presente. Coidame desde onde esteas.



Carme Agulló, 4º ESO – C




"O chuingán á papeleira"

Que cousa mellor ca aprender xogando!

O Departamento de Tecnoloxía aporta cada ano unha chea de actividades moi atractivas polo seu carácter lúdico. Aquí podemos ver algunha desas actividades, ás veces en colaboración interdisciplinar con outros departamentos.



Actividade interdisciplinar Matemáticas - Tecnoloxía sobre enerxía solar (2014-2015). Comprobación da producción a distintas horas e con distintos ángulos de calaxe do panel fotovoltaico.



Alumnado de 2º ESO (curso 2014-2015) montando o robot na Aula de Tecnoloxía.




3.º ESO A

“187 suspensos, 187 logros







4.º ESO D



3.º ESO C



Carmen Agulló Canosa
 Tf. 986 34 92 12
 cagullocanosa@gmail.com
 36001-Pontevedra

Data: 26/01/16

GEOX
 Tf. (986)106324
 24009 Barcelona (Catalunya)

N/Ref:928391_B

Asunto: Queixa sobre os zapatos da vosa marca.

Da miña consideración:

Como ben redactei no asunto, a semana pasada merquei uns zapatos GEOX e desilusioneime moi coa mentira do anuncio. Eu víra a publicidade varias veces e chamárame moi a atención porque moi claramente expoñen esta frase nel: "Geox, o zapato que respira". Decidinme a mercalos; pero, tras probalos repetidas veces, comprobéi que os zapatos non respiraban.

Mádovos esta carta non só para mostrarvos as miñas queixas respecto ao anuncio, senón tamén para darvos un bo consello: "Non mintades". Por moito que queirades chamar a atención, hai máis maneiras que enganando á sociedade.

Atentamente, Carmen A.



Carme Agulló, 4º ESO - C

Que feitiña! Mais cando se pon seria....




1.º ESO D



"Discusión e aprendizaxe todo xunto nesta clase"

A VIAXE A ITALIA DE 4º DE ESO



Eu penso que a viaxe a Italia foi unha grande experiencia para mim e para todos os meus compañeiros. Visitar un país estranxeiro, coñecer outra cultura, outro xeito de vida... Todo isto tener en conta todo o que aprendemos respecto á escultura, á arquitectura e á pintura. Pero o mellor destas excursións é que as fas cos teus compañeiros: cos de toda a vida e cos que non coñecías pero fas unha nova amizade. E para rematar están as lembranzas que levas contigo: o que visitaches e o que fixeches cos teus amigos durante a viaxe, pero, coma se di nestes casos, o que ocorre en Italia, queda en Italia!" (Roberto Rodríguez Gordo, 4º ESO B)

"O que creo que máis nos gustou a todos foi, en primeiro lugar, a viaxe en avión, porque aínda que non era a primeira vez que a maioría de nós subía a un, había tempo que non viaxabamos nel. Xa alí, primeiro visitamos Venecia, e era preciosa

Todo o mundo a poñía como algo do que máis gozou. A diferenza do que din, non cheira mal; o único malo que lle encontramos a este lugar era a cantidade de xente que había, que dificultaba moito o paso entre as rúas tan estreitas. Tamén pasamos por cidades menos importantes e visitadas como Lucca, Siena, Verona, ou Pisa; mais o mellor da visita que fixemos foi Roma. Alí estivemos tres días xa que había moitísimas cousas que ver; pasases por onde pasases, había castelos preciosos, fontes, rúas, estatuas... Todo estaba tan decorado e limpo! Florencia, porén, non nos sorprendeou moito. A viaxe en xeral gustounos a todos moito. O peor, quizais foron os hoteis que, menos o primeiro, todos foron bastante malos, pequenos, ou con normas moi estritas sobre os toques de queda, por exemplo.

(Ana Fernández Arruty, 4º ESO C)



Bonita fotografía para axudar lembranzas inesquecíbeis

**Tedes que recoñecela,
ten poucos anos máis.**



**ASEMBLEA
DE
MULLERES**

Grupo de Teatro e GDL
IES Sánchez Cantón



Textos: Aristófanes, Eduardo Alonso e Manuel Guedes



TEATRO PRINCIPAL, 6 de maio, 20.00



"Grandes persoas para grandes días"

1.º ESO C





Nos tellados da catedral

1.º ESO A

-“Hai clases de persoas e persoas con clase”





2.º ESO B

XIX Certame de Tarxetas de Nadal

Durante o primeiro trimestre desenvolveuse a décimo novena edición do Certame de Tarxetas do Nadal. Contamos como xa é costume nos derradeiros anos coa colaboración do Departamento de Debuxo e moi especialmente da profesora Dna. Carmen Pernas. Aproveitamos este espazo para recoñecer e agradecer

o seu traballo e, asemade, a participación dos moitos alumnos que colaboraron coas súas creacións. Nesta edición resultou gañadora a tarxeta presentada por Paula Torres Sedano de 1º de bacharelato e recibieron senllos accésits as alumnas Alba Morcillo Castro e Fátima Loureiro Miragaya de 4º e 3º de ESO respectivamente.

Agradecemos tamén a video-felicitación de Nadal de realizada e dirixida pola alumna de 1º de bacharelato Mariña Ramos e que, protagonizada por outras compañeiras, pode verse na páxina web do centro, así como unha reportaxe gráfica más detallada da exposición que con todos os traballos participantes se fixo no vestíbulo do noso instituto.



Actividades organizadas polo Módulo de ACTIVIDADES FÍSICAS ADAPTADAS do ciclo TSAAF

Departamento Educación Física



5/11/15, no Pavillón Municipal de Deportes de Pontevedra tivo lugar a charla - actividade de adestramento-metodoloxía cos adestradores da Asociación Juan XXIII.



Nesta actividade o alumnado puido comprobar o tipo de actividades físicas que poden levar a cabo as persoas con algúnsa discapacidade, e como dirixilas.

25/11/15, mércores: desenvolveuse a Actividade con AMFIV - Vigo. Actividade formativa sobre baloncesto en cadeira de rodas no pavillón de Bouzas (Vigo).

26/11/15, xoves. Desenvolveuse unha sesión práctica de fútbol sala con alumnos discapacitados da **Asociación Juan XXIII** no Pavillón Municipal de Deportes do Concello de Pontevedra.

2/12/15, mércores desenvolveuse unha sesión conxunta entre alumnado de 2º TSAAFD do módulo de Deportes de Equipo (Fútbol) co alumnado de EE.DD nivel I Fútbol. Lugar: campos de herba sintética da Xunqueira.

10/12/15, no Pavillón Municipal dos Deportes do Concello de Pontevedra, os alumnos de 2º TSAAFD impartiron unha clase práctica de AFA con alumnado da **Asociación Juan XXIII** baixo a supervisión dos técnicos da Asociación.



ia e inclusión con persoas con discapacidade para o alumnado de 2º TSAAFD no **Módulo de AFA**. Actividade realizada conxuntamente co alumnado do Master do INEF.



O **17/2/16** Tivo lugar o Torneo Juan XXIII de Fútbol Sala - Discapacitados, no pabellón municipal do deportes de Redondela.

17 - 19/2/2016 Stand informativo en Edugal coa participación do profesorado de Ciclos Deportivos de Fútbol e Balonmán e Ciclo TSAAFD do IES Sánchez Cantón. No stand ubicouse información de referencia para que os escolares coñeceran o currículo e materias dos distintos ciclos, presentación, trípticos para entrega ao alumnado interesado, póster coa información e ubicouse unha portería de balonmán na que os participantes podían realizar xogos de lanzamento en precisión. No stand participaron: Emilio Pintos, prof do CTD de Balonmán, Xurxo e Tomás Montoya, do CTD de Fútbol e Anxo Gómez prof. do Ciclo TSAAFD.



18/2/16, Charla a cargo de Begoña Cerqueiro, da **APROPARK Pontevedra Asociación de Parkinson** da provincia de Pontevedra prof. do Ciclo TSAAFD.



25/2/16, visita didáctica ás instalacións da Asociación de Discapacitados **ASPANAEX** de Vigo. Participou o alumnado de 2º TSAAFD no Modulo AFA. Alumno coordinador actividade Rubén Aval.



ACTIVIDADE de 1.º TSAAFD:



03/05/16, deseño, dirección e execución dun xogo de orientación co mapa do Casco Histórico de Pontevedra para 90 alumnos de 5º de E.P. do CEP Campolongo. O alumnado de 1º TSAAFD participou como monitorado e coordinadores do xogo. Organizado polo Módulo de Xogos e o Departamento de Educación Física do CEP Campolongo e o IES Sánchez Cantón.




2.º TSAAFD

xxxxxxxxxx
xxxxxxxxxxxxxxx



1.º TSAAFD



2.º BACH. C

2º Bach C - "O peor curso de ciencias con diferencia"



4.º ESO E

ALUMNOS DE 1.º de BACHARELATO de EXCURSIÓN en PARIS





4.º ESO A



4.º ESO C



Semana de Esquí en Andorra

Do 9 ao 16 de xaneiro, alumnado do Ciclo Superior de Animación Deportiva e de 3º curso da ESO viaxaron ate Andorra para aprender ou perfeccionar o esquí na estación de Soldeu el Tarter, practicar a patinaxe sobre xeo no Palau de Gel de Canillo e disfrutar do Complexo termo-lúdico de Caldea. Acompañaron ao alumnado os profesores Eladio Otero, Xosé Luís Janeiro e Xan Rey. Unha semana inesquecible!

Avaxe a Andorra foi a excursión do colexio que máis me gustou e na que mellor o pasei, áinda que se me fixo eterna a viaxe de ida. Á parte non peguei ollo en toda a noite, agás de 6 a 7 da mañá que quedei durmido coa música a todo volume.

Logo a miña experiencia esquiando foi moi positiva. A verdade é que se puidese ir esquiando de Andorra até Galiza o faría en vez de ir no autobús. Tamén teño que recoñecer que o primeiro día e parte do segundo sufrín bastante, xa que andaba máis polo chan que subido aos esquís e atrasaba ao meu grupo; pero o profesor do segundo día axudoume e estivo comigo 10 minutos até que xa "pillei o truquín" e sobre todo até que perdíñ o medo. Desde ese momento esquiar xa foi para mim o mesmo que camiñar. Facío con total normalidade; pero, iso si, seguía caendo ao chan coma se os esquís queimasesen. Sen embargo agora caía porque ía demasiado rápido. A verdade é que me

gusta a velocidade. Prefiro ir rápido e caer que ir lento sen caerm e tardar 15 minutos en baixar unha soa pista.

No hotel todo eran gargalladas até que nos dicían que nos tiñamos que dormir. Creo que todos, desde o primeiro até o último, o pasamos xenial. O peor momento para mim, á parte da viaxe de ida, era ter que levantarse todos os días tan cedo; normal que logo caese esquiando. Se tivese que darlle unha nota a esta viaxe sería un 9. Foi

xenial!" - Así o viviu Javier Piay.

Blanca Roma cóntanos "que levaron orgulloso@s a bandeira de Galicia para identificárense, que caeron moitas veces, baixaron de cu algunas pistas; pero que valeu a pena. Fixeron amigos de Vigo e de Portugal". Jaime Rodríguez-Villasante dinos "que o pasou pipa con Julia, Paula, Jacobo e Teresa, que se perderon na néboa e que se guiaban polas voces". Jacobo Campos tamén nos lembra "o ben que o pasaron no hotel e no spa en Caldea, a el gustoulle especialmente unha sauna que arrecendía a menta". E a Raquel Domínguez xa lle "tarda a excursión do ano vindeiro a Italia, da que espera que sexa tan extraordinaria coma esta". Así que, xa sabedes, animádevos a vivir a experiencia o curso que vén.



Celebrando as Letras Galegas

Dentro dos actos na honra do escritor homenaxeado cada ano coas Letras Galegas, o Seminario de Galego e o Grupo de Normalización Lingüística prepararon unha exposición nos paneis do vestíbulo con carteis explicativos sobre a figura e a obra de Manuel María Fernández Teixeiro durante a Semana das Letras, que completou o traballo levado a cabo nas aulas. Ademais, o día 10 de maio organizaron, en colaboración coa ANPA e a Vicedirección, unha charla no paraninfo con David Amor para o alumnado de 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato. O acto foi seguido con especial atención e inusitado interese. Ao longo de máis dunha




hora o multifacético actor falounos das características da súa profesión, da importancia de seguirnos cadaquén a nosa vocación, do valor do esforzo na persecución dos soños, da valía da nosa lingua e o

orgullo de sermos galegos; efectivamente foi todo un agasallo podernos contar coa súa presenza. Vaian, tamén dende aquí, os nosos agradacimentos.

Caricaturas

Federico de la Peña
2.º Bach.



M.ª Porfiria López Gómez
1.º Bach. D



Avanzando na informatización do centro



Gostaríamos neste apartado dar conta de todo o proceso de informatización experimentado polo noso Centro ao longo dos últimos anos, ainda que de forma moi esquemática tendo en conta o espazo do que dispomos.

O proceso remontase a xa hai moitos anos cando os profesores D. Jesús Juanatey e Dna. Marián Costa empezaban deseñando a páxina Web. Polo medio moitos cursos, moitas horas de traballo de moitos claustrais e moi especialmente de profesores coma D. Carlos del Río, Dna. Rosario Sánchez-Gabriel, Dna Esperanza Gesteira, D. Anxo González (moitos deles xa xubilados) ou, arredor, os profesores de informática e o responsable de ABALAR D. Xosé Lois Peñas, todos eles destacables por pioneiros e entusiastas nun labor no que foron arrastrándonos a todos e no que contamos coa colaboración dos sucesivos equipos directivos. A sociedade en xeral e, moi especialmente, o alumnado esíxennos este proceso de actualización, no que tamén a Administración acabou por apostar.

Coas incorporacións recibidas durante o presente curso, contamos a día de hoxe con oito aulas ABALAR e vinte e tres aulas dixitais. Un total de 241 ordenadores asignados ao alumnado de primeiro e segundo da ESO, distribuídos nas oito aulas referidas cos correspondentes carros de carga. Ademais deste material de uso persoal para o alumnado, as oito aulas contan con conexión WiFi para o acceso a internet, un ordenador de aula, proxector de datos e encerado dixital.

Equipamento similar ao que teñen as vinte e tres aulas dixitais dotadas últimamente: un ordenador de aula, proxector de datos e encerado dixital. Neste caso, contan con acceso a internet por cable, o que permite subir e baixar datos de xeito rápido. Pola contra, estas aulas non contan co material de uso persoal para o alumnado, que segue usando as dúas aulas de informática existentes no Centro, melloradas coa incorporación de novos equipos informáticos, ou os ordenadores da biblioteca.



Olimpiada Matemática 2016

Oxoves vinte e un de abril fun á Olimpíada Matemática acompañado doutros compañeiros de 2º de ESO e das profesoras Alicia e María, que viñese esta última foi unha agradable sorpresa, posto que, sacrificou un dos seus días libres para acompañarnos, un xesto con moito mérito e que non o farían todos os profesores.

O camiño desde o Sánchez Cantón ata a Xunqueira l fixosenos máis curto do que era en si, isto debeuse ao apurado paso das profesoras, que querían chegar un pouco antes, e ao encontro con varios coñecidos como puido ser a avoa do meu compaño Alexandre que aproveitou a ocasión para desexarlle sorte e darlle un bico antes da proba.

Ao chegar quedamos abraidos posto que os participantes dos colexios estaban todos reunidos ás portas dun salón de actos con cadanxe uniforme. Nós pudemos percibir que os profesores que ían estar connosco na proba, disimulaban unha lixeira preocupación por que todo saíse ben, apreciábase moi, dende a limpeza e decoración do centro ata o feito de que non tivesen tempo de ler os problemas da devandita proba.

Ao final todo saíu ben. A medida que acababamos a proba, íamos indo cara á



cafetería do centro para encontrarnos coas nosas profesoras intrigadas por saber que tal o fixeramos e a dificultade da proba, que por desgraza foi moi difícil, posto que cambiaron o patrón que mantíñan todas as anteriores e incluíron sucesións, unha cousa que nin sequera deramos. Ademais a profesora Alicia tivo o detalle de convidarnos a unhas larpeiradas cando estábamos reunidos na cafetería.

Despois volvemos ao centro e, a día de hoxe, sabemos que a nosa compañoira Alejandra González logrou pasar a final que se desputara en Lugo, un feito do que nos alegramos todos e que fixo que, ao sabermos a noticia colmásemos á nosa compañoira de felicitacións. Moita sorte, Jana!"

Con motivo da súa xubilación...

Con motivo da súa xubilación, Carme Rodiño e Paula Lima, de 2ºBacharelato, fixémoslle esta entrevista ao noso xa exprofesor de Lingua Castelá e Literatura D.Eladio Rodríguez Godoy, profesor e director do centro durante moitos anos. Nela recoñece que “xa pensaba en dedicarse á docencia cando empezou a carreira e que agora, cincuenta anos despois se sente amplamente satisfeito”. Resume o seu paso polo instituto “como un centro de moi bo ambiente e no que aprendeu moito no medio duns compañeiros e dun alumnado extraordinarios que fixeron que quixese quedarme en Pontevedra para sempre.” Á pregunta de se sentiu mellor como profesor ou como director, confesa que “nas dúas facetas, pero que desde o punto de vista de director hai cousas que se poden ver mellor”. Manifesta tamén que “antes se

estudaba máis que agora e que a educación ten cambiado moito; non sabería dicir se para ben ou para mal. Antes o alumnado chegaba ao instituto moito más seleccionado e, ainda que agora ten un bo nivel, non é o que había antes”. Como conclusión considera que “a profesión de profesor é moi interesante, que se aprende moito da mocidade, de como cambia

constantemente e deste xeito, inevitablemente, arrástrate a ti nese cambio”. Cando lle preguntamos por alguma anécdota, “lembra ter sido evacuado por perigo de bomba; destas cousas xa hai moito tempo”. E despídense de nós cun consello: “Sigo crendo que hai que esforzarse para conseguir calquera cousa que sexa”. E amablemente accedeu a esta foto



O profesor Rodríguez Godoy con Carmen e Paula no momento da entrevista.



2.º BACH. F

CGTD





3.º ESO F

CGTD



Segue delgado, pero
moito máis alto

